

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente (II) do 12 de xullo de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día doce de xullo de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(785).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Ratifícase a urxencia por todos os presentes.

2(786).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA CONTINUIDADE DO “CONTRATO DE ALUGUER DE MAQUINARIA PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO” COA EMPRESA SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. EXPTE.274/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11-07-2013, do enxeñeiro xefe de Vías e Obras conformado polo asesor xurídico e máis polo concelleiro delegado de área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2010 acordou adjudicar á empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS SA, o “CONTRATO DE ALUGUER MAQUINARIA

PRA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. (EXPTE 2749/440)". O mentado contrato tiña unha duración de 2 anos.

Con data, 14 de outubro de 2010, o Concello de Vigo asina o "CONTRATO DE ALUGUER MAQUINARIA PRA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. (EXPTE 2749/440)".

Con data, 05/10/2012, a Xunta de Goberno Local acorda prorrogar un ano máis o "contrato de aluguer maquinaria pra o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo. (Expte 2749/440)", polo que o contrato remata o 13/10/2013.

Con data 20 de abril o BOE Publica o Auto 64/2013 de data 21 de marzo de 2013, do Xulgado do Mercantil Nº 1 de Pontevedra, polo cal se declara á sociedade SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS SA, en Concurso Voluntario.

En relación aos antecedentes descritos, debemos de informar que a execución dos traballos vinculados á execución do CONTRATO DE ALUGUER MAQUINARIA PRA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. (EXPTE 2749/440), por parte da empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS SA, véñense desenvolvendo dentro dun ámbito de normalidade, executándose a mesma de acordo coas instrucións do Responsable do Contrato.

En relación á situación da empresa adxudicataria do contrato, incura no proceso de concurso voluntario, e tendo en conta o punto 5, do artigo 224 do TRLCSP, no cal se establece a facultade potestativa da administración de posibilitar a continuidade da execución do contrato establecido coa empresa na situación de declaración de concurso, sempre que non se teña producido a apertura da fase de liquidación, procede propoñer a adopción de tal acordo en base aos seguintes criterios que fundamentan as garantías suficientes para a continuidade do contrato:

- a) Con data 4 de xullo de 2013 a empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS SA, presenta no rexistro do Concello de Vigo, escrito conformado polo Administrador Concursal, no cal determínase o compromiso firme da existencia de capacidade e recursos para a execución das obrigas derivadas da execución do contrato nos prazos establecidos.*
- b) A xuízo do técnico que subscribe e como Responsable do Contrato, considérase que as actuacións desenvoltas pola empresa dende a adxudicación do contrato demostran o compromiso da empresa adxudicataria no cumprimento das súas obrigas.*

De acordo co antedito, e segundo a manifestación escrita avalada polo Administrador Concursal do compromiso sobre a subministración dos medios necesarios para a finalización do contrato, considérase que existen garantías suficientes para propoñer a continuidade da execución do mesmo, mantendo as pautas necesarias e obrigatorias para o seguimento detallado na actual situación de Concurso da empresa adxudicataria.

Polo exposto, e previos os informes pertinentes, procede propoñer para a aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Autorizar a continuidade do "CONTRATO DE ALUGUER MAQUINARIA PRA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. (EXPTE 2749/440)" coa empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS SA, incura en declaración de Concurso Voluntario, de acordo co disposto no punto 5 do artigo 224 do TRLCSP. Dita autorización queda supeditada a que non se produza a apertura do proceso de liquidación."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(787).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA CONTINUIDADE DO CONTRATO DAS “OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, FASE II” COA EMPRESA SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. EXPTE. 2389/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 08-07-2013, do xefe da área de Fomento conformado polo asesor xurídico e máis polo concelleiro delegado de área, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local en sesión de data 30 de decembro de 2011 acordou adxudicar á empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS SA, as obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO FASE II (EXPTE 1080/440).”

Con data 17 de xaneiro de 2012 o Concello de Vigo asina o contrato de adxudicación da obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO FASE II (EXPTE 1080/440).”

Con data 20 de abril o BOE Publica o Auto 64/2013 de data 21 de marzo de 2013, do Xulgado do Mercantil Nº 1 de Pontevedra, polo cal se declara á sociedade SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS SA, en Proceso concursal.

A execución dos traballos vinculados á execución das obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO FASE II (EXPTE 1080/440), por parte da empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS SA, véñense desenvolvendo dentro dun ámbito de normalidade, executándose a mesma de acordo coas instrucións da dirección facultativa da mesma.

Con data 1 de xullo de 2013 a empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS SA, presenta no rexistro do Concello de Vigo, escrito conformado polo Administrador Concursal, no cal determínase o compromiso firme da existencia de capacidade e recursos para a execución das obrigas derivadas da execución dos traballos obrigatorios para a finalización das obras dentro dos prazos establecidos.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte :

PROPOSTA:

Autorizar a continuidade do contrato para a execución da obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO FASE II (EXPTE 1080/440), coa empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS SA, incurso en Proceso concursal, dacordo co disposto no punto 5 do artigo 224 do TRLCSP. Dita autorización queda supeditada a que non se produza a apertura do proceso de liquidación.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(788).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS “OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO ENTORNO DA IGREXA DE ZAMÁNS”. EXPTE. 1953/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11-07-2013, do enxeñeiro xefe de Vías e Obras conformado polo asesor xurídico e máis polo concelleiro delegado de área, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, en data 1 de febreiro de 2013 acorda a aprobación do proxecto das “Obras de reparación e mantemento do entorno da Igrexa de Zamáns”.
En data 7 de xuño de 2013, adxudícase a citada obra a empresa EIRIÑA, por un importe de 212.235,33 €.

No comezo das obras, a asociación de veciños do entorno da Igrexa de Zamáns, Asociación Veciñal Cultural Recreativa San Mamede de Zamáns presenta no Concello de Vigo acordo de todolos veciños do entorno relativo as obras de reparación e mantemento do Entorno da Igrexa de Zamáns, instando o Concello de Vigo a manter as prazas actuais de aparcamento no ámbito, xa que incluso as consideran insuficientes no caso de celebracións de eventos na Igrexa tales como enterros, misas... etc. Así mesmo, o acordo recolle o interese dos veciños en proceder á tala das árbores que actualmente están na praza para a súa posterior reposición por outro tipo de árbores de menor porte.

Esta petición veciñal modifica os usos previstos no entorno recollidos no proxecto de reparación e mantemento do entorno da Igrexa de Zamáns, que convertían a praza nun espazo estancial de disfrute eminentemente peonil, coa eliminación dun número considerable de prazas de aparcamento e o mantemento dalgunha das árbores de maior porte para aumentar as zonas de sombra.

Debido a este acordo veciñal, se propón a modificación das alineacións de bordo de beirarrúas, para gañar espazo para o aparcamento de vehículos no ámbito de actuación en aras de alcanzar un consenso cos usos que os veciños consideran necesarios e adecuados para o ámbito do entorno da Igrexa. En este sentido propónse tamén o soterrado da cuneta existente contigua a praza de modo que ese espazo sirva tamén para o aumento das prazas de aparcamento. As citadas modificacións de alineacións implican así mesmo o axuste dos puntos de recollida das augas pluviais e da rede e o retranqueo da traza dos servizos a soterrar de modo que se eviten arquetas en calzada.

*Todo iso non provocará variación do presuposto económico aprobado, manténdose integramente o seu importe de adxudicación vixente de **212.235,33 €**, I.V.E. incluído, quedando xustificado o total do investimento económico.*

Por todo o anteriormente exposto e tendo en conta o informe do director de obra de data 10 de xullo de 2013, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Autorización para encargar a redacción dun proxecto que baixo a denominación “Modificado nº 1 das obras de reparación e mantemento do entorno da Igrexa de Zamáns”, recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento algún no orzamento da mesma.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.